



ANUNCIO DE LICITACION

**Adxudicación do contrato de servizo
de transporte e xestión dos residuos do punto limpo de Outes**

En cumprimento da resolución da Xunta de Goberno Local do 9.01.2017, este Concello convoca licitación para adxudicar por procedemento negociado o contrato de servizo antedito, cun orzamento de execución anual de 12.000,00 € máis 1.200,00 € de IVE, en total 13.200,00 €/ano (no conxunto do período contractual, 24.000,00 € máis 2.400,00 e de IVE, en total 26.400,00 €) e un prazo de vixencia de dous anos.

O prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen a contratación estarán a disposición dos interesados nas dependencias municipais.

O único criterio de adxudicación é a baixa no prezo ofertado, que se avaliará de 0 a 10,00 puntos. Para estes efectos, á oferta que presente unha maior porcentaxe de baixa outorgaráselle a máxima puntuación (10 puntos) e ao resto aplicaráselles a seguinte regra proporcional: $X = \text{porcentaxe de baixa doutros licitadores} \times 10 / \text{maior porcentaxe de baixa}$. Para a cualificación do carácter anormal ou desproporcionado das ofertas aplicaranse as normas do artigo 85 do RLCAP.

Se ao aplicar ese criterio dúas ou máis empresas empatan na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores minusválidos (non inferior ao 2%) de acordo co establecido na disposición adicional 6ª da LCSP.

Por esa razón, convídase a aquelas empresas interesadas a que formulen, se o xulga oportuno, a correspondente oferta de participación, que deberá presentar no rexistro xeral do Concello -de 9:00 a 14:00 h- no prazo que remata o 2.02.2017. A oferta deberá realizarse na forma e coa documentación que sinala o prego de cláusulas.

Outes, 19 de xaneiro do 2017.
A Alcaldesa,

María Beatriz Molinos Vidal

